Sexta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Sétima.- De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para a aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD



(Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011).

Conclusión.

Considerando os antecedentes, e vistas as consideracións realizadas no corpo do presente, informase de xeito favorable o procedemento de revisión, nos termos do Real Decreto-Lei 3/2022, procedendo a desestimación nos termos informados pola Dirección facultativa ao non concorrer os requisitos que permite a revisión excepcional de prezos.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude da mercantil Construcciones Rafer SL con CIF B36052702, respecto da revisión excepcional de prezos na obra “Ensanche e mellora LU-P-1201 “Souto de Torres (LU-530) – Sobrado (N-VI)”, p.k. 10+120 a 11+650 (EX0210B20AB)”, ao non efectuar alegacións á Resolución da Presidencia de data 07/07/2023 e non concorrer os requisitos que permite a revisión excepcional de prezos.

2º.- Comunicar o acordo da Xunta de Goberno á mercantil Construcciones Rafer SL.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVERSIÓN DO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Taboada, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do concello de Taboada no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TABOADA	256	ACONDICIONAMENTO DOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL	---	36.905,67€	36.905,67€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Taboada a través de escrito de data 11/08/2023 solicita:

a) A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2022, concretamente o investimento nº 256, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... actualizar os prezos en aras a garantir que os mesmos se axusten ás condicións actuais do mercado” polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TABOADA	256	ACONDICIONAMENTO DOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL	7.864,33€	36.905,67€	44.770,00€

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao



solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Taboada que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do concello de Taboada, e en consecuencia, aprobar a modificación de proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TABOADA	256	ACONDICIONAMENTO DOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL	7.864,33€	36.905,67€	44.770,00€

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA VALORACIÓN DEFINITIVA DE OBRAS DE EMERXENCIA.

Proposta en relación co orzamento definitivo remitido polo director técnico da obra de emerxencia de CHANTADA-CARBALLEDO.- Actuacións diversas na LU-P-1801 "Chantada – Nogueira – Os Peares (LU-P-1010) e na LU-P-1010 "A Touza (LU-P-1001) – Presa de Peares – A Granxa (LU-P-101), no p.k. 3+650.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 17/08/2023 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:

Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 03/02/2023 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7B6LZOMF56UWG2RRHQK42XEE) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil Fevisa Vías y Obras SL, no orzamento estimado de 673.708,57€, IVE incluído.

Segundo.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: "Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación ... indicando ademais: "En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos".

Terceiro.- Pola dirección técnica con data 17/08/2023, trasládase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.

No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por "cuenta justificativa", refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.

Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 03/02/2023, no apartado terceiro do acordo di que "As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada (Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal , o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaránse un 5% en concepto de percepción económica para o empresario ao



que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)”; figurando así na valoración definitiva das obras.

Cuarto.- O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala “... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, “realizárase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual donde figure o prezo concertado.”

A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 673.708,48€, dos cales 116.924,61€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada- da obra de emerxencia Chantada-Carballedo.- Actuacións diversas na LU-P-1801 “Chantada – Nogueira – Os Peares (LU-P-1010) e na LU-P-1010 “A Touza (LU-P-1001) – Presa de Peares – A Granxa (LU-P-101), no p.k. 3+650, que ascende a cantidade de 673.708,48€, dos cales 116.924,61€ corresponden ao IVE.

2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, Fevisa Vías y Obras SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE PERDA DA AXUDA RECOLLIDA DENTRO DO PROGRAMA DE FEIRAS, MERCADOS E OUTROS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 A FAVOR DO CONCELLO DE PORTOMARÍN PARA A CELEBRACIÓN DA “FESTA DA AUGARDENTE”.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no literalmente se establece o seguinte;

“Vista a documentación remitida polo representante do concello de Portomarín, o 28 de abril de 2023 (2023/PES_03/009312), e completada con posterioridade para xustificar os gastos da actuación “Festa da Augardente” encadrada dentro do programa B.7.- Celebración de feiras, mercados e outros- do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 , dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte Informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria do 28 de decembro de 2021, acordou, entre outros asuntos, a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 (publicadas no BOP de Lugo nº 006 de 10 de xaneiro de 2022).

Segundo.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o 5 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo seguinte:

“1.- A aprobación do Plan único de Cooperación cos concellos 2022, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)	Total
(...)			
7.- Feiras Mercados e Outros	115.447,27 €	23.344,41 €	138.791,68€
(...)			

(...)”.

Máis concretamente, e no relativo ao Programa de Feiras, mercados e outros do concello de Portomarín o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 aprobado, recolle:

Importes Plan Único 2022					
Concello	Programa	Actuación	Achega Concello	Achega Deputación	Total
(...)					
Portomarín	B7	Festa da Augardente	0,00 €	6.000,00 €	6.000,00€
(...)					



Consideracións Xurídico Administrativas.

Primeira.- No Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 establece literalmente o seguinte:

Na base 3: “As aportacións da Deputación con cargo ao Plan Provincial Único teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan que ten por obxectivo a realización de funcións de apoio e cooperación municipal. Réxense en primeiro lugar, por estas bases, así como a lexislación específica en réxime local e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e igualmente pola Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial vixente. (...)”

Na base 17: “Así, como documentación xeral a todos os programas, a conta xustificativa conterá:

(...)

Documentación xustificativa da inclusión da imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo na publicidade do investimento, actuación, evento ou servizo, que se faga na paxina web, redes sociais ou noutros soportes, nas que se publicite dita actuación, evento, servizo ou investimento. (...)”.

Segunda.- No artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispónse literalmente que:

“1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 (procedemento de reintegro) da Lei Xeral de Subvencións”.

Terceira.- No artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, recóllese como causa de reintegro o “C) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta Lei e no seu caso, nas normas reguladoras de la subvención”.

Cuarta.- O órgano competente para iniciar o procedemento de perda de dereito ao cobro da axuda é a Xunta de Goberno xa que foi o órgano concedente da axuda (artigo 41 da LXS).

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta que na documentación aportada dende o Concello de Portomarín non consta a inclusión da imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo en todos os soportes nos que se publicitou a actuación “Festa da Augardente” 2022 encadrada dentro do programa B.7.- Celebración de feiras, mercados e outros- do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º. Acordar o inicio do procedemento de perda de dereito do cobro da axuda para sufragar os gastos da actuación “Festa da Augardente”, do concello de Portomarín, encadrada dentro do programa B.7.- Celebración de feiras, mercados e outros- do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, por incumprimento da obriga de xustificación nos termos establecidos nas bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 (en base ao establecido no artigo 89 do RLXS e no artigo 37.1.c).

2º. Comunicar ao representante do concello de Portomarín que dispón de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación do acordo de inicio de procedemento de perda de dereito ao cobro dada axuda para sufragar os gastos da actuación “Festa da Augardente” encadrada dentro do programa B.7.- Celebración de feiras, mercados e outros- do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes. (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS)."

Propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acordar o inicio do procedemento de perda de dereito do cobro da axuda para sufragar os gastos da actuación “Festa da Augardente”, do concello de Portomarín, encadrada dentro do programa B.7.- Celebración de feiras, mercados e outros- do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, por incumprimento da obriga de xustificación nos termos establecidos nas bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 (en base ao establecido no artigo 89 do RLXS e no artigo 37.1.c).

2º.- Comunicar ao representante do concello de Portomarín que dispón de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación do acordo de inicio de procedemento de perda de dereito ao cobro dada axuda para sufragar os gastos da actuación “Festa da Augardente” encadrada dentro do programa B.7.- Celebración de feiras, mercados e outros- do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes. (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS)."



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta de aprobación do Convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Mujeres Empresarias de la provincia de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Aulas Abertas” na anualidade 2023.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Aulas Abertas” polo importe de 39.900€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2023.
4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2023 - 2025 (PES), aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 20.01.2023, na liña 4.1.c): Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o

mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2023, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Aulas Abertas”. Esta actuación consiste na presentación e divulgación do proxecto, realización de actividades formativas (Transformación de produtos agrogandeiros, Aproveitamento de recursos e A mina imaxe na rede) e conversas con emprendedoras para favorecer o autoemprego feminino e as novas oportunidades de negocio coa finalidade de xerar un maior valor engadido e dinamización económica do territorio.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención de carácter excepcional, por importe de 39.900,00€, a favor da entidade “Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo” para sufragar gastos derivados da actuación “Aulas Abertas”, subvención incluída na liña 4.1.c que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 39.900€, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do vixente Orzamento Xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2023, a favor da “Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo”, para sufragar os gastos derivados da actuación “Aulas Abertas”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se recolle a continuación:

Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Aulas abertas” na anualidade 2023.



Interveñen.

Dunha parte, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, María Anjhara Gómez Rodríguez con DNI 33346876G, na súa condición de Presidenta, actúa en nome e representación da entidade Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo, en adiante beneficiario, con NIF G27105220 e con sede social na Avda. Da Coruña, nº 500 1º planta (Edificio CEI NODUS), 27003 Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (dentro da Liña 4.1.c – Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social – Emprego) prevese a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para accións que teñen como obxectivo específico mellorar a competitividade empresarial co fin de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e que xere desenvolvemento sustentable, dinamice o mercado laboral no territorio e xere un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno, de data..... de.....de , aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional outorgada, por importe de 39.900€, a favor do beneficiario, Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Aulas abertas”, na anualidade do 2023.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 4330.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe 39.900€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio.

Cuarto: O beneficiario achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas:

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se canalizará a subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial á Asociación de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo para financiar os gastos derivados da execución da actuación “Aulas abertas”, na anualidade 2023. Esta actuación consiste na presentación e divulgación do proxecto, realización de actividades formativas (Transformación de produtos agrogandeiros, Aproveitamento de recursos e A mina imaxe na rede) e conversas con emprendedoras para favorecer o autoemprego feminino e as novas oportunidades de negocio coa finalidade de xerar un maior valor engadido e dinamización económica do territorio.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 42.000€.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:



Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 39.900€, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario:

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O beneficiario será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b. Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.



De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do beneficiario.

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que o beneficiario remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2024.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao beneficiario a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o beneficiario se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente

(artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2023.

Cando o beneficiario da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do beneficiario, da seguinte documentación debidamente asinada pola persoa responsable (Os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.



Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos.

Unha vez aprobada a conta xustificativa pola Deputación Provincial de Lugo, esta procederá ao aboamento das cantidades que resulten fiscalizadas favorablemente.

Terceira.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 5 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROTOCOLO XERAL DE INTENCIÓNS A SUBSCRIBIR ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE BARREIROS, PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE ADECUACIÓN E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Á vista da solicitude do concello de Barreiros ao abeiro do principio de colaboración entre administracións, de subscrición de protocolo para o establecemento das previsión de financiamento das obras de adecuación e mellora do pavillón municipal, para as que contaría cunha subvención da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Visto que os protocolos xerais de actuación ou instrumentos xerais que comporten meras declaracións de intencións de contido xeral ou que expresen a vontade das administracións e partes subscritoras para actuar con un obxectivo común, sempre que non supoñan a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles, non teñen a consideración propiamente de convenios,

Visto que se trataría dun protocolo xeral, sen efectos xurídicos.

Visto que entre os obxectivos do Concello de Barreiros está desenvolver a iniciativa de adecuación da zona de ximnasio municipal e reforma do espazo para dotación de servizos básicos no pavillón polideportivo, non só co fin de lle dar cumprimento á normativa, senón tamén co obxectivo de mellorar o uso destas instalacións deportivas, -as únicas deste tipo que posúe o Concello de Barreiros-, tanto pola Administración como polas asociacións deportivas que o empregan de xeito habitual. Visto o informe do Servizo de Deportes.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

Aprobación do protocolo xeral de intencións entre a Deputación de Lugo e concello de Barreiros para a execución das obras de adecuación e mellora do pavillón municipal e que a seguir se transcribe.

Protocolo xeral de intencións entre a Deputación de Lugo e Concello de Barreiros para a execución das obras de adecuación e mellora do pavillón municipal.

Interveñen.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, no seu nome D. Efrén Castro Caloto, Vicepresidente e Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica en funcións, en virtude da resolución desta Presidencia de data 14 de xullo de 2023.

E doutra, dona Ana Belen Ermida Igrexas, con DNI 33999772E, alcaldesa do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, e sede social na Rúa Vila nº 63, Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1.b) da LRBRL.

Ante, don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

As partes, segundo interveñen, recoñécense reciprocamente capacidade legal e representación suficiente para subscribir o presente protocolo xeral de intencións e, na súa virtude.



Expoñen.

Primeiro: Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Segundo: Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

E para ese efecto, ambas as entidades proceden á formalización do presente protocolo conforme as seguintes:

Estipulacións.

Primeira: obxecto.

O obxecto do presente Protocolo xeral é establecer un marco de intencións para facer efectivo o principio de colaboración e cooperación entre as entidades asinantes, para a execución das obras de adecuación e mellora do pavillón municipal mediante unha achega da Deputación Provincial de Lugo por importe de 92.697,39 euros.

Segunda: natureza do protocolo.

O presente instrumento ten o carácter de Protocolo xeral de actuación ao amparo do disposto polo artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que comporta unha mera declaración de intencións para actuar na consecución dun obxectivo común e non supón a formalización de compromisos xurídicos concreto e esixibles.

Non ten contido económico.

A eficacia do presente réxime de colaboración queda condicionada á subscrición dos instrumentos xurídicos que procedan nos que se recollerán as accións conxuntas para a execución das obras de adecuación e mellora do pavillón municipal.

Terceira: Ámbito de colaboración das partes.

As partes intervenientes manifestan a súa dispoñibilidade para colaborar e realizar as xestións necesarias para que, mediante os mecanismos que estimen oportunos, se instrumenten as accións correspondentes para a consecución dos obxectivos enunciados no presente protocolo de intencións, é dicir, ambas as partes, mediante a firma deste protocolo, fan énfase no seu compromiso de traballar execución das obras de adecuación e mellora do pavillón municipal do concello de Barreiros.

Cuarta: Vixencia.

O presente protocolo entrará en vigor no momento da súa formalización e terá unha vixencia dun ano.

Quinta: resolución.

O presente protocolo poderase extinguir por mutuo acordo, de forma expresa e por escrito das partes, ou polo transcurso do prazo de vixencia.

Sexta: modificación.

O contido do protocolo poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e que o documento estea vixente. A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima: Publicidade das actuacións.

Calquera difusión pública que se realice das actuacións obxecto do presente protocolo fixarase de común acordo.

Oitava: Protección de datos.

O tratamento de datos persoais obtidos na execución do presente Protocolo deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como a súa normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento), serán tratados exclusivamente coa finalidade de xestionar a relación que, mediante a firma



do presente Protocolo, formalízase entre as partes, sendo a base lexitimadora do tratamento a execución do presente Protocolo.

Os datos persoais dos asinantes serán conservados polas partes durante o período de vixencia do presente Protocolo e, tras a súa finalización, durante o tempo legalmente establecido para atender ás posibles responsabilidades, non estando prevista a súa comunicación ou cesión a terceiros, salvo obrigação legal.

As partes informarán os asinantes que en calquera momento poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos, debendo dirixirse por escrito con referencia “Protección de Datos”, mediante correo postal ou electrónico, a calquera das direccións que se indican a continuación, acompañando o seu Documento Nacional de Identidade ou outro documento oficial acreditativo da súa identidade.

Concello de Barreiros:

Por correo postal: Rúa Vila, 63 27790 Barreiros

Por correo electrónico: administracion@concellodebarreiros.gal

Deputación Provincial de Lugo:

Por correo postal: Rúa San Marcos, 8, 27001 Lugo

Por correo electrónico: presidencia@putacionlugo.org

Infórmase igualmente aos asinantes que poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos ou a outra autoridade de control competente no caso de que consideren que os seus datos non foron tratados correctamente.

Novena: cesión.

Ningunha das partes asinantes do presente Protocolo poderá ceder total ou parcialmente o mesmo, nin transferir ou subrogar nos seus dereitos e obrigacións a ningún terceiro sen o previo consentimento, expreso e escrito, da outra parte.

Décima:lexislación.

O presente Protocolo Xeral ten natureza administrativa e as controversias que poidan suscitarse na aplicación e interpretación do mesmo e non poden ser resoltas no seo da Comisión de Seguimento serán sometidas á Orde xurisdiccional contenciosa-administrativo.

E en proba de conformidade asíñase o presente protocolo de intencións, que consta de 4 páxinas, do que como secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12. PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DAS OBRAS DO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 “CINTURÓN COMARCAL” DO P.K. 106+500 AO 107+887, POL-CASTROVERDE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Na sesión do 10/10/2022 a Xunta de Goberno aprobou o proxecto técnico para a realización da obra Construcción de Ponte sobre o río Azúmara, ensanche e mellora da LU-P-1611 "Cinturón Comarcal" do p.k. 106+500 ao 107+887. Pol-Castroverde, redactado polo Servizo de Vías e Obras en setembro do 2022.

Segundo o apartado 9 da memoria, para a realización das obras empregaranse os terreos adquiridos no expediente expropiatorio 79 P.O.L. 95. Pol e Castroverde. E.P. Mosteiro a Castroverde, tramo Luaces á estrada vella, debido a que se mantén a *causa expropriandi* ou motivación da expropiación.

Existe unha sentenza xudicial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº: 1455/2003 estimatoria do recurso 7680/1999 que anula a expropiación de parte da finca 27011B001000340000DP, denominada 55-A.

O anexo expropiatorio do proxecto fai constar que é imprescindible e necesaria a ocupación da denominada 55-A2 coincidente en parte coa 55-A.

Polo que vai dito, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o anexo expropiatorio do proxecto redactado en agosto do 2023 polo Servizo de Vías e Obras, que inclúe relación individualizada de bens e dereitos afectados e o plano parcelario.

2º.- Iniciar o expediente expropiatorio para a adquisición dos bens reflectidos no anexo e necesarios para a execución da citada obra, a tramitar polo procedemento urxente de acordo co artigo 22.5 da Lei 6/2015, do 7 de agosto, pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

A aprobación definitiva do proxecto referido leva implícitas a declaración de utilidade pública, de necesidade de ocupación dos bens, adquisición dos dereitos e a declaración de urxente ocupación.



3º.- Someter o anexo expropiatorio e a relación individualizada de bens a información pública, mediante edicto no BOP, nun xornal de tirada provincial e no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde, en cumprimento do disposto no artigo 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF).

4º.- Realizada a información pública e resoltas as posibles alegacións, continuar o expediente expropiatorio mediante a súa tramitación polo procedemento urxente segundo o artigo 52 da LEF.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13. PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UNHA ASESORA, NIVEL II, DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que mediante escrito de data 4 de agosto de 2023, que tivo entrada nesta Entidade o mesmo día, Dona María Teresa García Díaz formula solicitude de autorización de compatibilidade, por estar traballando como autónoma.

Tendo en conta que Dona María Teresa García Díaz foi nomeada Asesora Nivel II do Cadro de Persoal Eventual, por Resolución da Presidencia de data 4 de agosto de 2023, iniciando a súa relación o mesmo día, 4 de agosto de 2023.

Vistas as consideracións legais e técnicas formuladas no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala:

“O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local” .

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; a a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: “O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

“1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades



privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a íretamen das mesmas íre íretamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, onopólíosas ou administradoras de onopólíos, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia da interesada e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

“2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán

autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”

En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo completo, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo da Deputación, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos.

Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

“O recoñecemento de compatibilidade (....) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

“O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional”.

Limitacións retributivas

O artigo 16 da mencionada norma establece:

“Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”



Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece:

“Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Consecuencia do sinalado, vistos os informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo concedendo a Dona María Teresa García Díaz a compatibilidade para poder seguir exercendo como titular responsable dunha explotación gandeira de carácter familiar, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionada conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 4 de agosto de 2023, data na que Dona María Teresa García Díaz, empeza a traballar na Deputación como Asesora Nivel II do Cadro de Persoal Eventual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14. PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UN FUNCIONARIO PARA SEGUNDO POSTO NO SECTOR PÚBLICO COMO PROFESOR UNIVERSITARIO ASOCIADO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DE DURACIÓN DETERMINADA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Darío Ferreiro Otero, funcionario de carreira desta Deputación Provincial de Lugo, ven de solicitar por medio de escrito de data 22 de xuño de 2023, o recoñecemento de compatibilidade para prestar servizos, en réxime laboral, a tempo parcial, mediante contrato de duración determinada, como Profesor Asociado no Departamento de Enxeñaría Agroforestal da Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela) durante o curso 2023-2024.

Segundo acredita mediante documentos que acompaña á referida solicitude de recoñecemento de compatibilidade, a xornada de traballo ordinaria será de 6 horas semanais sendo esta xornada inferior á dun traballador a tempo completo, comparable, prestadas en xornada de tarde.

A retribución a percibir pola citada actividade como Profesor Asociado é de 457,67 € brutos mensuais.

Visto o informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala:

“1º.- Segundo se desprende dos antecedentes que obran na Unidade de Administración de Recursos Humanos, D. Darío Ferreiro Otero, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do Cadro de Persoal Funcionario, que presta na actualidade os seus servizos na Deputación Provincial de Lugo ocupando o posto de traballo de Enxeñeiro/a Camiños Canles e Portos/Adxunto/a Xefe/a Servizo Vías e Obras.

2º.- Resulta de aplicación ao asunto solicitado o establecido na Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas,



que establece as condicións e requisitos que se deben cumprir para autorizar a compatibilidade:

a) A actividade docente poderá ser declarada como compatible se é “como profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada” (art. 4.1 da Lei 53/84, de 26 de decembro).

b) A segunda actividade non suporá “modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos de traballo e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos” (art. 3.1 da Lei 53/84, de 26 de decembro).

c) A retribución total por ambos os dous postos e actividades non superará “a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 %” (art. 7.1 da Lei 53/84, de 26 de decembro).

d) Os servizos prestados no segundo posto ou actividade “non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos e as pagas extraordinarias así como as prestacións familiares só poderán percibirse por un dos postos”. (art. 7.2 da Lei 53/84, de 26 de decembro).

3º.- Dos datos aportados polo solicitante despréndese que cumpre coas condicións anteriores de vínculo laboral de duración determinada, con xornada a tempo parcial (nº de horas semanais menor das sinaladas no RD 598/1985, de 30 de abril, de desenvolvemento da Lei 53/84), con retribución total inferior á sinalada no artigo 22.2 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 e con percepción das pagas extras por un so dos postos a desempeñar, neste caso, polo da Deputación de Lugo.

4º.- O interesado aporta copia do contrato de traballo de duración determinada e a tempo parcial subscrito coa USC. Por parte da USC achégase certificado de haberes, facendo constar que non percibe por parte da Universidade pagas extraordinarias; informe da Reitoría da Universidade favorable para compatibilizar o posto de profesor asociado a tempo parcial P3, na Universidade de Santiago de Compostela, coa súa actividade pública principal na Deputación de Lugo, así como informe emitido polo Xefe do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC sobre os horarios detallados que lle serán asignados, en horario de tarde. Documentación que confirma tódalas condicións necesarias para poder declarar a compatibilidade da segunda actividade pública para a que se solicita autorización por parte dos órganos competentes desta Entidade.

5º.- Segundo se sinala no artigo 59. 3 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 056, de 10 de marzo de 2011), corresponde á Xunta de

Goberno “autorizar ou denegar as situacións administrativas, mesmo a de compatibilidade para un segundo posto de traballo ou actividade no sector público (...)”.

Por todo canto antecede, vistos os informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se acorde:

Autorizar a compatibilidade da actividade de D. Darío Ferreiro Otero desenvolvida como Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos do Cadro de Persoal Funcionario, ocupando o posto de Enxeñeiro/a Camiños, Canles e Portos/Adxunto/a Xefe/a Servizo Vías e Obras desta Deputación Provincial de Lugo, cunha segunda actividade como profesor asociado.

Tal autorización terá vixencia mentres tanto non se incumpran os requisitos e condicionantes legais enumerados no presente informe. Non obstante, o indicado funcionario quedará na obriga de presentar anualmente nesta Entidade a documentación acreditativa da relación laboral, así como as súas condicións, que manteña coa Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela). No suposto de incumprimento daquela obriga o órgano competente desta Entidade procederá a deixar sen efecto a concesión da presente autorización, trasladando a correspondente resolución ao indicado Centro Universitario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15. PROPOSTA DE CONTINUACIÓN NA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZOS ESPECIAIS, DE D. MANUEL ANGEL JOVE LOSADA, TRALO NOMEAMENTO COMO COORDINADOR XERAL DA ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA DO CONCELLO DA CORUÑA.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Manuel Ángel Jove Losada, Funcionario de Carreira e titular do posto de Xefe de Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación Provincial foi declarado en situación administrativa de Servizos Especiais, por Acordos da Xunta de Goberno de datas 12 de xullo e 2 de agosto de 2019, logo de tomar posesión do cargo de Director da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior do Concello da Coruña.

Tendo en conta que mediante escrito, de 3 de agosto de 2023, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Entidade provincial o mesmo día (Nº 12.892), comunica que foi nomeado titular de órgano directivo municipal: Coordinador Xeral da Área de



Economía e Planificación Urbana, por Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de A Coruña, en sesión celebrada o día 2 de agosto de 2023.

Achega co seu escrito certificación do Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, que literalmente sinala:

“Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de agosto de 2023, previa deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunta coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

Primeiro.- Nomear Coordinador Xeral da Área de Economía e Planificación Urbana a Don Manuel Ángel Jove Losada

Segundo.- En virtude do establecido na Disposición Adicional décimo quinta da Lei 7/85, os titulares dos órganos directivos municipais quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normas estatais e autonómicas de aplicación.

O funcionario designado como titular do citado órgano directivo pasará á situación administrativa de servizos especiais nas súa correspondente administración, de acordo co disposto no artigo 87 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Terceiro.- Para dar efectividade económica aos nomeamentos que se propoñen existe crédito suficiente no Orzamento Municipal de 2023 (prorrogado de 2022).

Cuarto.- Darase conta ao Pleno, aos efectos do artigo 132 do ROM, en relación co 130.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Quinto.- Notifíquese este acordo a todas as concellerías, órganos directivos e xefaturas dos servizos municipais e publíquese no Boletín Oficial da Provincia”.

No citado escrito. D. Manuel Ángel Jove Losada expón:

“Que por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello da Coruña de 2 de agosto de 2023, fun nomeado titular do órgano directivo, de conformidade coa súa estrutura

directiva, coa condición de Coordinador Xeral da Área de Economía e Planificación Urbana.

Por acordos da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesións da Xunta de Goberno de datas 12 de xullo e 2 de agosto de 2019, fun declarado, en tanto que funcionario de carreira desta Deputación, na situación administrativa de Servizos Especiais.

Que persisten as mesmas circunstancias que motivaron a declaración en situación administrativa de servizos especiais, de conformidade co previsto no artigo 87 do Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Que se teña por presentado o novo nomeamento de órgano directivo, que determinan as mesmas consecuencias xurídicas que o anterior nomeamento.

Que se entende continúa a declaración en situación administrativa de servizos especiais do funcionario desa Deputación que subscribe”.

Tendo en conta as consideracións legais e técnicas que se sinalan no informe do Servizo de Recursos Humanos, do teor seguinte:

“as situacións administrativas do persoal funcionario das Administracións Locais, conforme ao disposto no artigo 140 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local, regularanse polo disposto na normativa básica estatal, é dicir, polo establecido no Título VI do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma.

Considerando que, conforme ao previsto nos artigos 87.1 f) do EBEP e 167 f) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG), o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de servizos especiais cando desempeñe responsabilidades como directivos locais.

Que se entende que persisten as mesmas circunstancias que motivaron a declaración en situación administrativa de servizos especiais, de conformidade co artigo 87 do Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.”

Á vista de canto antecede e dos informes dos servizos, procede que se formule proposta á Xunta de Goberno, e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da



lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020), acorde:

Que Don Manuel Ángel Jove Losada, Xefe Servizo Contratación e Fomento, Grupo A, Subgrupo A1, continúe na situación administrativa de Servizos Especiais, tralo o seu nomeamento como Coordinador Xeral da Área de Economía e Planificación Urbana do Concello da Coruña.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16. COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PO 76/2023.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Ordinario 76/2023 seguido a instancia de Elsamex Gestion de Infraestructuras, S.L. fronte á Deputación en materia de contratación administrativa, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18. ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.